

### RÚBRICA PARA AVALIAR O MAPA DO CONCELLO IDEAL

ASPECTOS	4	3	2	1
<b>Deseño</b>	O deseño do mapa está moi coidado, os trazos son correctos, os nomes están correctamente rotulados as cores que se empregan contribúen á comprensión.	O deseño do mapa está coidado, os trazos son correctos, a maioría dos nomes están correctamente rotulados as cores que se empregan son axeitadas.	O deseño do mapa non está coidado, os trazos non están ben rematados, algúns nomes están correctamente rotulados as cores que se empregan non contribúen á comprensión.	O deseño do mapa non está coidado, os trazos non son correctos, os nomes non están correctamente rotulados as cores que se empregan non contribúen á comprensión.
<b>Toponimia</b>	Todos os topónimos están creados de acordo aos criterios traballados na fase de conexión e son moi orixinais.	A maioría dos topónimos están creados de acordo aos criterios traballados na fase de conexión e son orixinais.	Algúns topónimos están creados de acordo aos criterios traballados na fase de conexión e en xeral non son orixinais.	Poucos topónimos están creados de acordo aos criterios traballados na fase de conexión e non son orixinais.
<b>Puntos de interese</b>	No mapa aparecen recollidos os puntos de interese repartidos en todas as parroquias e son moi variados: naturais, culturais, deportivos e de ocio.	No mapa aparecen recollidos os puntos de interese repartidos en case todas as parroquias e están representados case todos os tipos.	No mapa aparecen recollidos os puntos de interese repartidos en case todas as parroquias pero non están representados moitos dos tipos.	Non hai puntos de interese en todas as parroquias e os que hai non recollen todos os tipos.
<b>Agueiro</b>	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos correctamente escritos e con imaxes que ilustran os contidos.	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos con poucos erros ortográficos e con imaxes que ilustran os contidos.	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos con erros ortográficos e as imaxes non ilustran os contidos.	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos con erros ortográficos en palabras de uso habitual e non hai imaxes que axuden a entender os contidos.